

VºBº:



CURSOS DA AULA DE FORMACIÓN PERMANENTE EN DEFENSA PERSOAL 2023

Có fin de promocionar a actividade da Defensa Persoal, adquirir coñecementos e reciclar aqueles dos que se dispón, propónse **para todos os federados de JUDO E DEPORTES ASOCIADOS** o desenvolvemento un ano máis dos cursos da Aula de Formación Permanente, de acordo coa normativa e o programa oficial de Defensa Persoal da RFEJYDA.

▪ PARTICIPANTES

Poderán participar todos os deportistas que teñan a súa licenza en vigor polo seu deporte, sendo preciso, ademais a licenza de Defensa Persoal para aqueles que queiran optar aos diferentes kyus e/ou a exame de Cinto Negro 1º, 2º ou 3º DAN neste deporte asociado.

▪ MESTRE

Os cursos serán impartidos por Marcos Bermúdez Román, Mestre Adestrador Nacional de Judo e Defensa Persoal, reciclado e actualizado na materia.

▪ INDUMENTARIA E MATERIAL

Judogi, camiseta para o traballo de algunhas técnicas, pau, coitelo e pistolas simulados.

▪ INSCRICIÓN E COTA

Os interesados deberán inscribirse no seguinte formulario:

<https://forms.gle/Lv7MsAHUddPwnefe6>

A cota de participación para cada curso é de 20€, que deberán ingresar na conta da Federación Galega de Judo e D.A., indicando NOME E APELIDOS no CONCEPTO:



Nº IBAN: **ES33 2100 4831 9822 0000 8802**

Nº de cuenta: **2100 4831 98 2200008802**

Deberase enviar resgardo de pago a galiciajudo@fgjudo.com para completar o proceso definitivo de inscrición en cada unha das datas.

O prazo máximo para inscrición finalizará para cada xornada o xoves anterior ás 12h, data e hora despois das cais non se admitirán novas solicitudes para dita xornada.

DOCUMENTACIÓN

Os inscritos presentarán ORIXINAL firmado e con data de celebración do curso: **FOLLA DE CONSENTIMENTO EXPRESO** (só maiores de idade) ou **AUTORIZACIÓN PATERNA** (só menores de idade), acompañados do DNI orixinal (maiores de 14 anos).

ACCESO A DAN PARA FEDERADOS CON LICENZA DE DEFENSA PERSOAL:

| PARA GRAO E LICENZA DE DEF. PERSOAL | | | |
|-------------------------------------|------------------------------|----------------------|-----------------------------|
| DAN | PERMANENCIA EN GRAO ANTERIOR | HORAS AFP A REALIZAR | LICENZAS |
| PARA 1º DAN | 1 ANO DE MARRÓN | 18 | 3 CONSECUTIVAS O 5 ALTERNAS |
| PARA 2º DAN | 2 ANOS DE 1ºDAN | 24 | 2 DE 1ºDAN |
| PARA 3º DAN | 3 ANOS DE 2ºDAN | 30 | 3 DE 2ºDAN |
| + PROBA DE NIVEL | | | |

É preciso ter a licenza de Defensa Persoal en vigor para as tramitacións, pero pode participar todos os federados con licenza en Judo e calquera dos deportes asociados a esta federación.

Para 1ºDAN é obrigatorio ter 15 anos cumpridos.

CALENDARIO E LUGAR DE REALIZACIÓN DOS CURSOS

Ximnasio Karbo, R/ San Vicente, 14 (esquina con Ramón Cabanillas) 15008 – A Coruña

| MES | DÍA | HORARIO |
|----------|-----------|----------------------|
| XANEIRO | SÁBADO 14 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| FEBREIRO | SÁBADO 11 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| MARZO | SÁBADO 11 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| ABRIL | SÁBADO 22 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| MAIO | SÁBADO 13 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| XUÑO | SÁBADO 03 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| SETEMBRO | SÁBADO 16 | 10:00 h. – 14.00 h.. |
| OUTUBRO | SÁBADO 07 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| NOVEMBRO | SÁBADO 18 | 10:00 h. – 14.00 h. |
| DECEMBRO | SÁBADO 16 | 10:00 h. – 14.00 h. |

O lugar de celebración dos cursos será, no Ximnasio Karbo, aínda que se ofrece a posibilidade de poder realizalo en outros centros e para elo, os clubs que estean interesados en facelo, deberán solicitalo con 15 días de antelación para poder comunicar en tempo ao resto de interesados. Para isto, deberán enviar un correo informando da data escollida, das que se propoñen no calendario, e tamén a xente que estaría interesada en realizar ditos cursos.

Dos contidos dos cursos, informarase previamente á data da súa realización. En principio, impartirase formación de Defensa Persoal Operativa e de Muller.

O Director do Departamento



Asdo. Manuel Montero Vidal